

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da área correspondente. Este documento será o eixo que vertebre a nivel curricular o proceso de ensino aprendizaxe e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Os bloques de contido da materia son:

Bloque 1. Definición de proxectos

Bloque 2. Execución de proxectos.

Bloque 3. Presentación de proxectos.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun centro público de educación infantil e primaria, situado na vila da Estrada. Ao centro acoden nenos da vila e do rural, que fan uso do transporte. O centro conta con Plan Madruga e comedor, xestionados pola ANPA. Este centro é de liña dúas e conta con 6 unidades en Ed. Infantil e 20 en Ed. Primaria, xa que neste momento segundo e cuarto de Ed. Primaria contan con tres aulas.

O alumnado para o cal se elabora dita programación atópase no sexto curso da etapa. Son nenos e nenas de 11 anos, que empezan a achegarse ao pensamento abstracto que combinan aínda coas operacións concretas. Empezan a comprender que hai temas que non están definidos e que eles poden interpretar.

Empezan a desenvolver a súa propia identidade, a ser máis independentes da familia. Son quen de reflexionar sobre a súa propia actividade. Isto é moi importante telo en conta para desenvolver neles actuacións de autocrítica (cando fan algo inadecuado) e tamén para desenvolver a súa autoestima (cando fan as cousas ben).

Teñen maior capacidade de traballo e ao longo deste curso han de chegar a unha autonomía de organización que lles permita afrontar con éxito o cambio de etapa educativa.

En sexto están escolarizados 49 nenos e nenas, en dúas aulas de 24 e 25 alumnos respectivamente. A clase A conta con 14 nenos e 10 nenas e a clase B conta con 16 nenos e 9 nenas

. A programación deste proxecto vai destinada a 15 alumnos (7 nenas e 8 nenos) en 6º A e a 10 alumnos en 6ºB (5 nenas e 5 nenos) e recolle medidas específicas encamiñadas a atender a diversidade de estilos de aprendizaxe, as distintas capacidades e intereses e as dificultades que presente o alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Achegámonos ao teatro.	Identificación de textos teatrais. Xogo dramático. Escritura creativa.	33	13	X		
2	Os secretos da escena: A música e outros elementos.	Expresión corporal. Danzas e bailes. Crear coreografías. Investigar elementos teatrais: escenografía, atrezzo, vestuario...	34	14		X	
3	Ábrese o telón!	Expresión da voz. Entoación e dicción. Elementos teatrais : actores, espectadores, guión, escenografía, vestuario,música.. Representar unha obra de teatro.	33	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Achegámonos ao teatro.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do teatro na escola.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos de xeito competencial.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con entoación e dicción correctas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

UD	Título da UD	Duración
2	Os secretos da escena: A música e outros elementos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar e seleccionar a información necesaria.	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos de xeito competencial.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

UD	Título da UD	Duración
3	Ábrese o telón!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.	TI	100
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Realizar un ensaio final da obra.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con entoación e dicción correctas.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na representación.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na representación da obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: O TEATRO NA ESCOLA! As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, en parellas e grupo clase. nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto. A importancia do teatro para desenvolver a creatividade, as habilidades sociais, e as expresións oral, escrita, corporal...

- Empezaremos a traballar oa textos teatrais, recursos dramáticos, expresión corporal, expresión oral e a expresión escrita con actividades como:
 - Identificar os distintos elementos dos textos teatrais (personaxes, narrador, acotacións...)
 - Realización de xogos dramáticos: Expresión corporal a partir de narracións, xogo do espello..
 - Improvisar diálogos, traballando as emocións e a expresión xestual.
 - Escritura creativa: inventar diálogos, sobre un tema ou situación proposta, para escenas curtas,;que logo representarán.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos.

- Buscan información sobre os distintos elementos teatrais: escenografía, decorados, atrezzo, vestiario, maquillaxe, música..
 - Participarán no festival de Entroido , buscando músicas, danzas e realizando unha coreografía. Seguindo as indicacións do P.D.I. do colexio." ESCOLA DE BAILE".
 - Buscar e escoller un texto tetatral para representar.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, rematar e presentar, o produto final.

- Repartir os papeis para representar a obra.
- Facer os decorados, buscar atrezzo, vestiario..
- Elixir música e sons e inventar coreografías.
- Realizar ensaios.
- Representar a obra.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega e Literatura: vocabulario específico, elementos do guion teatral, entoación e dicción, xéneros teatrais, coherencia e concordancia.
- Música e danza : Capacidade expresiva da música, uso de novas tecnoloxías para xerar ou reproducir efectos sonoros e seguimento de estruturas rítmicas.Bailes e danzas.
- Ciencias sociais: localización e ambientación segundo a época representada no guion e importancia social e cultural do teatro.
- Educación Física: movemento e expresión corporal.
- Educación plástica e visual: uso de diferentes técnicas plásticas e uso de novas tecnoloxías no deseño e creación de decorados.
- Matemáticas: cálculo espacial e temporal e medidas para decorados ou vestiario.
- Educación en Valores Cívicos e Éticos: normas acordadas de convivencia, relación e respecto cos compañeiros.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes significativos, tendo en conta as diferenzas individuais do alumnado ,con actividades motivadoras que permitan traballar as emocións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula.
Libros de teatro
Ordenadores.
Material de plástica.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Material funxible: caderno, folios, lápiz, goma, bolígrafos. rotuladores... Recursos tecnolóxicos : ordenadores, recursos de Polos Creativos, páxinas web. A bibiloteca escolar, o pavillón e a sala de usos múltiples.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo. Este ano que é o segundo do ciclo teremos en conta ao alumnado de nova incorporación.
- Recollida de información dos alumnado mediante cuestionarios que nos permitan coñecer datos sobre a súa personalidade, nivel de autonomía, gustos e habilidades, etc.
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades sinxelas de comprensión e expresión oral e escrita.

A partir desta avaliación poñemos en marcha esta programación coa elaboración de medidas para atallar as posibles dificultades atopadas.

Ao inicio de curso farase unha conversación sobre que é o teatro, que coñecen de el... O profesor anotará os coñecementos previos que vaian saíndo para telos presentes na aula. Exporanse que queren saber e descubrir. A procura de información basearase nestas inquietudes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Valorarase a implicación, a creatividade e a participación nas actividades propostas.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Valorarase a información recompilada sobre os distintos aspectos traballados nesta avaliación. Participación nas actividades propostas.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Valorarase a preparación, ensaios e representación da obra.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse como táboas de indicadores distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, Expresión oral, escrita, corporal..

A nota de cada avaliación coincidirá coa da unidade que desenvolvemos nela.

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. (AV1+ AV2+ AV3)/3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando a cifra que ocupa a posición da décima sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota da dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos. Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Educación emocional	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no festival de Nadal	Realizando dramatizacións, coreografías..	X		
Participación no Entroido.	Realizando dramatizacións, coreografías..		X	
Participación no festival de fin de curso	Representando a obra.			X

Observacións:

Participaremos nas actividades propostas dende o P.D.I. do centro "Escola de baile".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

9. Outros apartados